


NOME E APELIDOS:

Responde ás seguintes cuestións.

A interacción entre o ser humano e o medio.

1. Os retos medioambientais. Observa os seguintes mapas e responde:

- Identifica e explica o fenómeno ao que fai referencia cada documento (0,5).
- Sinala as causas, consecuencias e posibles solucións (1,5 puntos).



RESPOSTA MODELO:

• **Mapa A. Risco de desertificación en España.**

Desertificación: proceso polo cal zonas fértiles pasan a ser terras secas e pouco produtivas. España é un dos países europeos máis afectados.

As zonas máis afectadas están no **sueste peninsular** (Andalucía, Murcia, Comunidade Valenciana) e partes de **Castela-A Mancha**.

As causas principais son o **cambio climático**, a **escaseza de choivas** (clima mediterráneo...), as **secas prolongadas**, a **deforestación**, os **incendios**, a **agricultura intensiva** e o **uso excesivo da auga**.

Consecuencias: **perda de solos fértiles**, diminución da agricultura, perda de biodiversidade e problemas económicos.

- Para combatela, promóvense medidas como a **reforestación**, a xestión sostible da auga e a protección do solo.
- **Mapa B: Áreas en risco potencial de inundación.**

Inundacións: Ocupacións por auga de zonas que habitualmente non o están.


Causas: están motivadas polo desbordamento de ríos por choivas intensas en curtos periodos, situacións meteorolóxicas de gota fría, construción en ramblas, etc. Afectan ás zonas marítimas potenciadas polas montañas próximas á costa (precipitacións orográficas) e pola existencia de concas fluviais reducidas e de forte pendente.

Consecuencias: consecuencias catastróficas, impacto medioambiental, destrución material, socioeconómica...

- Estes riscos poden ser paliados en parte coa construción de embalses, regulación urbanística e sistemas automáticos de información hidrolóxica. España conta cunha **Rede de Información Hidrolóxica (SAIH)** para alertar sobre as inundacións, así como con **Plans de Avaliación e Xestión do Risco de Inundación**.

2. A auga como recurso. Observa o seguinte mapa e responde:

a. Que é o balance hídrico? (0,5)



b. Que comunidades autónomas teñen un balance hídrico negativo? (0,25)

c. Explica as causas dos valores negativos das concas da vertente mediterránea e os arquipélagos (2 puntos).

d. Relaciona o documento coa seguinte imaxe (0,5 puntos):



e. Os recursos hídricos en España: como se leva a cabo a planificación hidrolóxica? (0,25 puntos)

RESPOSTA MODELO:

- a. O balance hídrico: resulta da diferenza entre a dispoñibilidade e o consumo de auga. En España, debido á forte evaporación, só queda dispoñible o 32% da auga de precipitación. Esta cantidade permite un balance positivo, pero existen claros desequilibrios entre concas excedentarias e deficitarias.
- b. Cataluña, Valencia, Murcia, sur de Andalucía, Canarias e Baleares.
- c. Causas:
 1. **O desequilibrio entre recursos dispoñibles e demanda:** os ríos da vertente mediterránea (principal fonte de abastecemento), son ríos curtos e de caudais escasos e irregulares, moitas veces torrentes de cursos intermitentes. A razón é o seu clima Mediterráneo costeiro (estepario ou subdesértico nalgunas zonas) con precipitacións escasas e irregulares. A excepción é o Ebro, o río máis longo de España. Pola contra, á demanda de auga concéntrase nesta área: maiores densidades de poboación e maior dinamismo económico (actividade industrial, turismo e agricultura de regadío, moi consumidores de recursos hídricos).

En Canarias e Baleares non existen ríos como tal, e os seus acuíferos están sobreexplotados. Aquí tamén existe unha forte demanda (poboación, turismo, regadío de exportación).

2. **As perdas de auga:** a auga embalsada non basta para cubrir a demanda; a isto súmanse as perdas anuais por sistemas de rega inadecuados e polas fugas das conducións.

En xeral, a zona cantábrica e as concas do Douro, o Texo e o Ebro posúen recursos suficientes para satisfacer as demandas. Pola contra, as concas do Guadalquivir, Sur, Segura e Baleares son deficitarias (consumo por riba dos recursos), especialmente nos anos secos. Por iso, son precisas obras hidráulicas como os encoros ou os trasvases.

d. Relación mapa (balance hídrico) - imaxe dun embalse:

Relaciónase co aproveitamento e xestión dos recursos hídricos e a necesidade de realizar obras hidráulicas de captación, almacenamento, transporte e tratamento das augas. Isto permite regular o cauce dos ríos, previr enchentas, regular o abastecemento

de auga para o seu consumo.... As augas superficiais (sobre todo ríos) aprovéitanse mediante embalses, canles e trasvases.


e. A xestión dos recursos hídricos en España lévase a cabo mediante a planificación hidrolóxica: **Plans Hidrolóxicos de Conca e Plan Hidrolóxico Nacional**.

3. As paisaxes naturais. Realiza o comentario dunha das seguintes paisaxes (2,5 puntos).

A



B



RESPOSTA MODELO:

B. Paisaxe de alta montaña

A imaxe representa unha **paisaxe natural de alta montaña**, propia dos territorios situados a **máis de 1 000 m de altitude**, como os Pireneos, a Cordilleira Cantábrica ou o Sistema Central. Na imaxe non se aprecian elementos humanos.

Observamos un **relevo** montañoso enmarcando unha zona boscosa e un río caudaloso. Este relevo é moi abrupto, con **fortes pendentes e grandes desniveis**, o que dificulta a ocupación humana e favorece os procesos de erosión.

O **clima** de montaña é frío, condicionado por factores como a altura. As **precipitacións superan os 1000 mm anuais** e as **temperaturas medias son inferiores a 10 °C**, con **invernos longos e moi fríos**, nos que se rexistran temperaturas por baixo de 0 °C. Por este motivo, son frecuentes as **neves**, que permanecen durante meses nas cotas máis elevadas, tal e como se amosa nesta imaxe.

No primeiro plano da imaxe aparece un grande río. Na alta montaña os ríos son caudalosos, cun **máximo na primavera**, debido ao desxeo, e un **mínimo no inverno**, cando a auga permanece retida

en forma de neve ou xeo. Neste senso, distínguense os **ríos de alta montaña**, cun **réxime nival puro**, con augas altas tardías (xuño-xullo); e os **ríos de montaña media**, cun **réxime mixto**, cun máximo anterior ao mes de xuño.

A **vexetación** dispónse en **pisos altitudinais**, con formacións diferentes segundo a altura. Na **montaña alpina ou pirenaica** aparecen, de abaixo arriba, **encinas e carballos**, despois **coníferas**, e nas cotas máis elevadas **prados alpinos e plantas rupícolas**. Na imaxe podemos distinguir unha masa boscosa de coníferas, probablemente abetos.

Por último, debemos comentar que nestas áreas os **solos** son **pouco evolucionados** debido á forte erosión. Sobre **roquedo silíceo** atopamos *rankers* e terra parda meridional. Porén, sobre **roquedo calizo**: *renzinas* e solo pardo calizo.

En conxunto, trátase dunha paisaxe natural de montaña, con riscos naturais como avalanchas, desprendementos e forte erosión, polo que precisa medidas de protección. O poboamento é moi escaso e disperso e o aproveitamento económico é gandeiro, forestal ou turístico.

4. Define 4 dos seguintes conceptos (2 puntos: 0,5 cada un): campana de pó, efecto invernadoiro, espazo natural protexido, eutrofización, parque nacional, chuva ácida, salinización, seca.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN

1. Retos medioambientais (2 puntos)

1.a Identificación e explicación (0,5)

Nivel	Descritores	Puntos
Excelente	Identifica correctamente desertificación e inundacións e defíneos con vocabulario xeográfico.	0,5
Aceptable	Identifica só un fenómeno ou define de forma parcial.	0,25
Insuficiente	Non identifica ou confunde os fenómenos.	0

1.b Causas, consecuencias e solucións (1,5)

Elemento	Indicadores	Puntos
Causas	3 ou máis causas correctas	0,5
Consecuencias	2 ou máis consecuencias	0,5
Solucións	Medidas reais e viables	0,5

2. A auga como recurso (3,5 puntos)

2.a Balance hídrico (0,5)

Nivel	Descritores	Puntos
Correcto	Define como diferenza entre dispoñibilidade e consumo	0,5
Parcial	Definición incompleta	0,25
Incorrecto	Non define	0

2.b Comunidades con déficit (0,25)

Nivel	Descritores	Puntos
Correcto	3 ou máis correctas	0,25

2º Bacharelato. Xeografía. IES Ricardo Mella. 2º avaliación

Parcial	1-2	0,10
---------	-----	------

Incorrecto	Ningunha	0
------------	----------	---

2.c Causas do déficit (2)

Aspecto	Indicadores	Puntos
Recursos	Ríos curtos, clima seco, irregularidade	0,75
Demanda	Turismo, regadío, industria, poboación	0,75
Perdas	Fugas, rega ineficiente	0,5

2.d Relación mapa-embalse (0,5)

Nivel	Descritores	Puntos
Excelente	Xestión, regulación e almacenamento	0,5
Aceptable	Relación parcial	0,25
Insuficiente	Non relaciona	0

2.e Planificación (0,25)

Nivel	Descritores	Puntos
Correcto	PH Conca + PH Nacional	0,25
Parcial	Un deles	0,10
Incorrecto	Ningún	0

3. Comentario de paisaxe (2,5)

Elemento	Indicadores	Puntos
Identificación	Paisaxe natural. Alta montaña, >1000 m, exemplos	0,4
Relevo	Abrupto, pendentes	0,4

2º Bacharelato. Xeografía. IES Ricardo Mella. 2º avaliación

Clima	Frío, >1000 mm, neve	0,4
Augas	Réxime nival / mixto	0,4
Vexetación	Pisos altitudinais. Características.	0,4
Solos, riscos, usos	Erosión, avalanchas, gandería, turismo	0,5

4. Definicións (2 puntos: 0,5 cada unha)

Nivel	Descritores	Puntos
Excelente	Clara, correcta e completa	0,5
Aceptable	Parcial pero correcta	0,25
Insuficiente	Incorrecta ou moi vaga	0